

Na xornada EDUCACIÓN E AUTISMO celebrada o día 5 de Outubro de 2018 e organizada pola FUNDACIÓN MENELA e a Federación AUTISMO GALICIA, resaltouse a necesidade de que o alumnado con TEA reciba un abordaxe terapéutico e educativo individualizado e incidiuse na importancia de que todo o centro educativo coñeza as súas particularidades para ser axentes de referencia e apoio para a persoa con TEA. Susanna Olives, do equipo eipea, Ana Martínez de Aspanaes, Ana Rodríguez de Menela e Luís Fernández, pai dun rapaz con autismo achegáronnos, as súas vivencias e experiencias.



Ruth Vidriales, directora técnica da Confederación Autismo España, mostrou a realidade actual do alumnado con TEA en España. Destacou o incremento da prevalencia, nun 77,29 % nos cinco últimos cursos, debido quizais a unha mellora na formación da detección ou nos cambios nos sistemas de rexistro.

Os datos recollidos a través de fontes oficiais ( MECD e Consejerías Educación) son dispares pero ambos recollen a presenza de alumnado nas etapas de educación infantil e primaria e un abandono significativo o final de Primaria. Sen apenas datos das persoas con TEA no sistema universitario. Ruth Vidriales destacou a importancia da investigación para un maior coñecemento sobre o autismo para contribuír a transformación social, os dereitos do alumnado con TEA.



Durante a xornada, Josep Brun, equipo eipea, Maria Luisa Alonso, ALEPH-TEA, Ubaldo Vázquez, orientador, e Sandra Agrafojo, nai dunha persoa con TEA falaron da educación ordinaria, da especial, da modalidade de escolarización combinada ou do traballo de ALEPH-TEA nas aulas estables na comunidade autónoma de Madrid con un traballo en rede como resposta a complexidade do TEA.

Nesta xornadaponse de relieve a necesidade de un sistema educativo que poña en valor unha intervención comprensiva que permita dar resposta a todo tipo de necesidades de apoio no proceso de ensino-aprendizaxe e xerar contextos educativos que sexan impulsores de desenvolvemento para nenos e nenas, atendendo ás distintas realidades do alumno ou alumna con autismo. Apoios no seu tratamento educativo, personalizado, tanto en recursos como apoios curriculares e metodolóxicos, da máñ da participación de todos.

Non peche da xornada **Dn. Cipriano Luís Jiménez Casas, director xeral da Fundación Menela** declarou: *Todos estamos de acordo na singularidade das persoas con autismo, non hai enfermidades senón enfermos e non hai autistas senón persoas con autismo.*

Contamos tamén coa presenza da **Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Dona Carmen Pomar Tojo** . Que incidiu na importancia da implicación da cidadanía para conseguir unha inclusión real. Lembrou que a maiores do Decreto que regula a atención á diversidade, apostan por atender as necesidades específicas de atención educativa a través de protocolos específicos, de colaboración con entidades tanto na formación do profesorado como na sensibilización social e de formación permanente do profesorado.

